



Campaña control biolóxico con *Anaphes nitens* Huber, do *Gonipterus platensis*.

Principais liñas de actuación

A Dirección xeral de Planificación e Ordenación Forestal ven traballando fai anos no plan de control fitosanitario contra os axentes defoliadores (*Gonipterus platensis*) en masas forestais no marco do PDR de Galicia 2014/2020.

As liñas principais de actuación son:

1.-Inventario permanente de danos, presenza da praga (*Gonipterus platensis*) e do parasito (*Anaphes nitens*).

A partir dunha malla de 8 x 8 km, superposta sobre o mapa galego, seleccionáronse 174 parcelas, representativas tanto en superficie de eucalipto, altitude e presenza da praga en anos anteriores. En cada mostraxe tómanse datos da bioloxía do defoliador e dos danos causados en 10 pes diferentes de cada parcela. Seguidamente, de cada árbore recóllense mostras de ootecas, para facer o posterior envío ao laboratorio para realizar a análise da parasitación por *Anaphes nitens* das mesmas.

2.-Reproducción e difusión controlada de *Anaphes nitens* Huber; que é o parasitoide específico dos ovos do gurgullo, mediante o cal realízase o control da praga, co que se coñece como método de control biolóxico. Este insecto actúa poñendo os seus ovos no interior das postas do gurgullo que se desenrolan a expensas dos ovos do defoliador, e da lugar á emerxencia dun novo individuo de *Anaphes nitens*.

Durante o ano 2021 realizarase a colocación de 10.000 bolsas de ootecas parasitadas.

Tras os inventarios realizados ó longo do mes de febreiro, nos que se persigue coñecer a evolución da distribución xeográfica, dinámicas das poboacións e variacións do ciclo biolóxico anual, estase detectando o inicio do primeiro ciclo do defoliador.

A detección faise a través das postas frescas do defoliador, e neste momento é cando se poden empezar a colocar as bolsas do parasito controlador de *Gonipterus platensis*, esta primeira colocación do ano dura aproximadamente ata o mes de maio, e sempre que existan postas do gurgullo.



Nas parcelas dos seguintes concellos hai presenza de ootecas frescas de *Gonipterus platensis*. Na semana do 10 de maio ó 14 de maio colocaranse bolsas de ootecas parasitadas con *Anaphes nitens*, nos seguintes concellos:

| PROVINCIA | CONCELLO |
|------------|------------------------|
| A CORUÑA | SAN SADURNIÑO |
| | MONFERO |
| | CARBALLO |
| | ARTEIXO |
| | OUTES |
| | BOIRO |
| | A BAÑA |
| | SANTIAGO DE COMPOSTELA |
| LUGO | MONDOÑEDO |
| | ALFOZ |
| | XOVE |
| PONTEVEDRA | TUI |
| | PORRIÑO |
| | SALCEDA DE CASELAS |
| | MORAÑA |
| | CERDEDO-COTOBADE |

Plano de parcelas de mostraxe de *Gonipterus platensis*

